Outrasvozes

Revista Galega para a Solidariedade. decembro 93. Nº 2 - 3

P.V.P. 250 ptas.



O Kurdistán desde Europa: A hipocresía da C.E.

Mentres os países europeus, con Alemaña á cabeza, proporcionan armas a Turquia para que esta poda continuar co xenocidio dos kurdos, o Parlamento Europeu mostra a sua hipócrita preocupación polos direitos humanos en Turquia, nunha das duas resolucións que sobre o tema apareceron o 15 de xullo. Mas as suas criticas do governo turco son tan veladas que case non se sinten. O que si se sinte é a condena do "terrorismo" do PKK, na segunda resolución que publicamos a continuación. Por "terrorismo" queren dicer as protestas dos kurdos que viven en Europa contra as masacres no Kurdistán.

A esclarecedora resposta de Lord Avebury (presidente do Grupo Parlamentário Británico de Direitos Humanos) ante o mesmo Parlamento Europeu, non necesita comentário.

MOCION PARA UNHA RESOLUCION
coa solicitude de inclusión no debate sobre temas tópicos e urxentes de maior importáncia segundo a Norma 64 das Normas de Procedimento dos Srs. Bertens, Nordmann e Maher do grupo LDR sobre a declaración do PKK a favor do terrorismo en Turquia.

O PARLAMENTO EUROPEU
A. Consciente dos miles de mortes e da miséria causadas en Turquia pola violéncia terrorista e a sua represión, e o perigo que isto representa para a democrácia turca;
B. Sabendo que despois do anúncio do cesamento do fogo polo PKK en marzo, o governo turco ofereceu unha amnistia a todo militante do PKK que renunciase á violéncia;
C. Consciente de que a pesar destas ofertas, as matanzas continuaron, culminando na masacre polo PKK de 31 soldados desarmados e catro civis o 24 de maio;
D. Deplorando a declaración que o Sr. Abdullah Ocalan fixo no Líbano o 8 de xuño a favor da reanudación da violéncia contra os turcos, coa cal, nas suas palabras, "miles, decenas de miles sofrirán. Esta campaña será a máis violenta de todas as nosas campañas";
E. Sinalando que a vítimas principais desta nova onda de terrorismo serán con probabilidade os turcos kurdos que non seguen a política de terror do PKK;
F. Enfatizando o interese do governo turco en non levar moitos dos seis millóns de turcos kurdos aos brazos do PKK;
G. Tendo en conta as resolucións anteriores sobre a violación de direitos humanos en Turquia:
1.Condena a campaña terrorista do PKK e recoñece o deber das autoridades turcas de combaté-la;
2.Fai un chamamento ao governo turco para que lles insista ao exército e á policia que respeiten os direitos humanos de todos os cidadáns e aprécia o progreso feito neste sentido;
3.Insta ao governo turco a que recoñeza o direito dos turcos kurdos á autonomia cultural e especialmente ao uso do seu próprio idioma;
4.Aproba o valente rechazo de moitos turcos kurdos e dos líderes dos kurdos iraquianos, elexidos democraticamente, a apoiar o PKK;
5.Pide ao seu Presidente que transmita
esta resolución á Comisión, o Consello, os Ministros, o Governo e a Asemblea Nacional de Turquia e a Asemblea Nacional do Kurdistán (Iraq).

(Moción 03-1023, 1026, 1061 e 1081/93, 15 xullo 1993)

RESPOSTA DE LORD AVEBURY

Ao Secretário, Grupo Democrático Liberal e Reformista (LDR), Parlamento Europeu.

Estimados colegas:

Mostraron-me unha cópia dunha resolución presentada polos Sres. Bertens, Nordmann e Maher, sobre a "declaración do PKK a favor do terrorismo en Turquia". Permitan-me suxerir-lles que reconsideren os términos desta moción, que dá unha imaxe falsa e tendenciosa de acontecimentos recentes.

Desde 1984, houbo miles de mortes, como afirma o parágrafo A, mas a gran maioria destas foron provocadas polo uso de poder militar contra obxectivos civis polas forzas armadas turcas. Estiven na zona kurda de Turquia o primeiro de abril do ano pasado, xusto despois das masacres do Newroz; ali coñecin familiares de civis desarmados que foran mortos na rua, e visitei xente no hospital onde se recuperaban de feridas de bala, e outras feridas graves causadas polo exército. Tamén nos entrevistamos con familiares de xente que torturaran até matá-los.

Con 30 millóns de persoas, os kurdos son o povo mais grande do mundo que non ten control sobre os seus próprios asuntos políticos

En setembro, regresei e unha vez mais recollin abundantes provas das atrocidades das forzas armadas turcas. Estiven co persoal dun xornal que foi o que mais asasinatos de xornalistas sofreu, 12 deles morreron só en 1992. Estou seguro de que vocés coñecen estes feitos, aos que organizacións como Amnistia Internacional, Helsinki Watch ou Artigo 19 lle diron ampla publicidade.

En canto ao parágrafo B, o governo turco non emitiu nengunha resposta política ao cesamento do fogo anunciado polo PKK. Escrebin-lle a Demirel [presidente de Turquia] duas veces, rogando-lle que recebera a representantes do povo kurdo para debater unha solución negociada, e o mesmo lle repetín persoalmente cando se dirixiu á Gran Sala do Comité en decembro pasado. Non contestou as miñas cartas, e na reunión no Comité contentou-se con dicer que "nunca negociaremos con terroristas". Intentei interrompé-lo para dicer que eu me referia ao HEP [Partido Laborista Popular, que o Tribunal para a Seguridade do Estado proibirá con toda seguridade proximamente], mas el non quixo escoitar, e cando o obriguei a escoitar unha vez mais despois da reunión para dicer-lle que deberia permitir discutir libremente un status político alternativo para a zona kurda, dixo-me que eu non entendia a situación.

No parágrafo C, vocés selecionan un incidente que aconteceu o 24 de maio, pasando por alto dúcias de outras matanzas que aconteceron durante o cesamento do fogo, a imensa maioria delas perpretadas por membros das forzas armadas.

Por que din, no parágrafo E, que as principais vítimas "desta nova onda de terrorismo" serán con probabilidade os "turcos kurdos" que non seguen a política de terror do PKK? A estraña expresión "turcos kurdos" está sobrecargada de prexuízos, e non se deberia empregar, a menos que vocés queiran enfrentar deliberadamente a todo o povo kurdo. Se se molestan en falar coa xente das zonas kurdas, como eu fixen duas veces, descobrirán que a imensa maioria deles está en contra da opresión turca e a favor de algunha forma de autogoverno.

A razón pola que moitos kurdos decidiron tomar parte na loita armada é que se lles tiñan negado todas as vias constitucionais para expresar-se. Como deberian saber, castiga-se coa pena de morte facer ou dicer algo que socave a "idivisível integridade do estado turco", e isto impide non só a defensa de un estado kurdo, senón tamén a promoción do autogoverno ou autonomia rexional. Os debates que temos nos nosos paises sobre os direitos dos flamencos, os bascos, os lombardos, os bávaros ou os escoceses serian todos ilegais se as nosas constituizóns estiveran feitas co mesmo modelo que a turca. Polo tanto, non é o deber das autoridades turcas "combater" a "campaña terrorista do PKK" (parágrafo 1), senón retirar os obstáculos que impiden a liberdade de expresión ou de reunión, o que induce a

Castiga-se coa pena de morte facer ou dicer algo que socave a "indivisível integridade do estado turco", e isto impide non só a defensa dun estado kurdo, senón tamén a promoción do autogoberno ou autonomia rexional

A miña impresión -afirma **Lord Avebury**- é que o PKK [Partido dos Traballadores Kurdos] ten o apoio das masas; eles lideran (asi o considera a xente) a loita contra a "dominación colonial e estranxeira", ainda cando iso implique o sofrimento de moitos. Para que entendan este sentimento, consideren o apoio á campaña de boicot do ANC en Sudáfrica; consideren o apoio das masas á Frente de Liberación Popular de Eritrea, que gañou recentemente unha guerra de liberación que durou 31 anos; consideren a *intifada* de Cachemira, ou consideren a resisténcia dos monxes e monxas tibetanos contra a opresión chinesa. Todas estas manifestacións da vontade do povo para afirmar a sua identidade nacional trouxeron consigo moito sofrimento, mas aqueles que estaban na frente de loita tiveron o apoio popular de case todo o mundo, en todos os casos.

moitos a utilizar a forza na sua desesperación.

Vocés ou son inxénuos ou nécios cando lle piden ao governo turco que insista en que a policia e o exército respeiten os direitos humanos de todos os cidadáns, e simplesmente non podo imaxinar que é o que lles fai crer que se fixo algun progreso nese aspecto. As forzas armadas turcas lanzaron-se a unha grandiosa ofensiva na zona kurda, onde bombardean e despóvoan aldeas inteiras, matando un número de civis maior do que até agora tiñan feito.

Por que din, no parágrafo 3, que os kurdos teñen direito só á autonomia cultural? Ao final da primeira guerra mundial, o presidente Woodrow Wilson e os aliados ocidentais prometeran un plebiscito aos kurdos, que son o povo mais grande do mundo (30 millóns de persoas) que non ten control sobre os seus próprios asuntos políticos, en contra da Carta da ONU e dos Convénios Internacionais sobre Direitos Civis, Políticos, Sociais e Económicos. Con que autoridade vocés deciden que este povo en particular pode desfrutar de direitos culturais e non políticos?

A situación dos kurdos iraquianos é difícil, e comprendo que non estexan dispostos a meter-se en pleitos con Ankara. Non é unha cuestión de valentia, senón de mero egoismo. Teñen un poderoso inimigo no sul, decidido a exteminá-los en calquer momento, e seria un erro moi grande pola sua parte o dar-lle aos turcos a mínima excusa para que os ataquen polo norte. Os ministros de exteriores de Turquia, Síria e Irán reuniron-se várias veces recentemente, a mais recente o 7 de xuño, en Teerán. O tema principal a discutir era a autonomia dos kurdos iraquianos, que eles percebian como unha ameaza, e o vian induvidavelmente como un desafortunado exemplo para os kurdos dos seus próprios territórios. A sua resolución pasa por alto descaradamente a ameaza de xenocidio por parte deste atroz trio de opresores de kurdos en cada estado, e deberian ter-se dado conta que xa comezou unha ofensiva contra os kurdos tanto iranianos como turcos.

Por último, permitan-me que lles suxira que retiren a moción da lista de asuntos a tratar do parlamento europeu até que teñan a oportunidade de informar-se con mais detalle sobre as realidades do problema kurdo, en primeiro lugar. Sentirei-me satisfeito de enviar-lles cópias dos informes das miñas duas misións do ano pasado, e outros documentos publicados por ONGs como Amnistia Internacional, xa mencionada, en caso de que os seus membros queiran cópias. ■

Guerrilleiras kurdas

Entrevista

Rubar Rizgar

O 12 de outubro de 1993, o ***COSAL*** *entrevistou, en Londres, a* ***Rubar Rizgar****, representante para o Reino Unido da* ***Frente de Liberación Nacional do Kurdistán*** *(ERNK), da que forma parte o Partido dos Traballadores Kurdos (PKK).*

O PKK fundou-se no 1978, e comezou a loita armada no 1984. Cal era a situación, tanto no Kurdistán como no interior do partido, durante estes anos, e cais foron as razóns que impulsaron ao PKK a tomar as armas?

Ao princípio, cando se fundou o PKK, a situación no Kurdistán era tal que apenas quedaba nada da nosa cultura. O estado turco destruira case por completo a nosa identidade, de xeito que o PKK tivo que empezar desde o princípio, entrando en contacto coa xente, conciencianzo-a. Desde a criazón do PKK, ilegal desde un princípio, o estado turco intentou destruir o partido. Este tivo que recorrer ás armas para defender-se. O governo turco, ainda que daquela era un governo civil, estaba dominado polo exército, un exército poderoso que, sen estar no poder, governaba desde atrás. En 1980 os militares levaron a cabo un golpe de estado, para poder reprimir mellor á povoazón kurda organizada.

Desde esa data, arredor de 5000 membros e simpatizantes do PKK foron encarcerados, coa intención de destruir o partido. No cárcere, a resisténcia continuaba: no ano 1982, un prisioneiro kurdo, militante do PKK, celebrou o Newroz [ano novo kurdo, símbolo da resisténcia] na prisión; foi asasinado. Catro militantes prenderon-se lume a si mesmos, en protesta pola sua situación, e outros tantos iniciaron unha folga de fame até a morte, o 14 de xullo de 1982. Ante esta situación, o PKK decidira retirar as suas forzas a Oriente Médio, fóra das fronteiras turcas, para re-agrupar-se. Mas no segundo congreso do partido, tomou-se a decisión de regresar ao noroeste do Kurdistán [a rexión kurda baixo domínio turco]. Como non habia posibilidade de levar a cabo calquer actividade política, enviaron-se unidades de propaganda para preparar o terreo para a loita armada. Estas unidades de propaganda serian a base da futura loita guerrilleira. Ao ser o Kurdistán unha colónia, ocupada por forzas coloniais, existe unha violéncia colonial. Era necesário contrarrestála cunha forza e cunha violéncia revolucionárias. Deste xeito, en 1984, empezou "oficialmente" a loita armada.

Cal consideras que é, obxectivamente, o futuro da vosa loita, despois do colapso dos paises socialistas, e da imposición da nova orde mundial*? Existe unha verdadeira posibilidade de insurreizón no Kurdistán?*

No pasado, o PKK nunca dependeu de nen tivo lazos con os paises socialistas; nen cos paises do bloque capitalista. Nunca recebeu nengun apoio, era unha organización independente, dependendo só da sua própria xente e simpatizantes. Polo tanto, o

SÓ A ACTIVIDADE GUERRILLEIRA FARÁ QUE O ESTADO TURCO CONSIDERE UNHA SOLUCIÓN POLITÍCA AO CONFLITO KURDO

A instrución militar das mulleres: duas veces ao dia as guerrilleiras do PKK forman as suas filas nos campamentos de montaña do norte de Iraq, ao outro lado da fronteira de Turquia

colapso dos países socialistas non tivo nengun efecto negativo no noso movimento. Nós inclusive tíñamos criticado moito o sistema socialista, tal como se levara á prática nestes países.

En canto á segunda pergunta, a loita no Kurdistán adoptou a forma de guerra popular de desgaste a longo prazo. O único tipo de isurreizón que se dá, é nos funerais de guerrilleiros ou simpatizantes, ou nas celebracións do Newroz. Nestes casos temos mostras públicas de apoio. Este tipo de protestas continuarán e se intensificarán no futuro.

Existe algun choque entre a prática revolucionária e un povo cunha cultura tradicional maioritariamente islámica? Cal é a situación da muller, nunha guerrilla na que un tércio dos seus efectivos son mulleres?

O labor da guerrilla non é só atacar obxectivos, senón tamén politizar a xente, concienciá-los de que se está a loitar polo seu país. É todo un proxecto educativo. Temos que gañarnos a xente. O movimento de liberación é a sua garantia. A povoazón apoia a guerrilla. Non existe tal choque.

A liberación da sociedade vai unida á liberación das mulleres nesa sociedade. Existen publicacións de mulleres [como a revista *Jina Serbilind*] nas que se analisa o tema. Debido ao labor educativo levado a cabo polo PKK, a liberación das mulleres non provoca nengun choque. A xente dase conta da importáncia das mulleres á hora de liberar a sociedade, polo seu compromiso e porque elas mesmas son mais radicais que os homes. Unha revolución non se fai só cos homes. Esta é a razón do éxito do PKK á hora de gañar-se ás mulleres.

O 17 de marzo de 1993, o PKK iniciou un cesamento do fogo unilateral, en parte para evitar unha nova masacre na celebración do Newroz, o ano novo kurdo. O 17 de abril, o PKK extendeu o cesamento do fogo indefinidamente, sempre que se cumpliran certas condicións (detención das operacións militares turcas, recoñecimento constitucional do Kurdistán, volta dos refuxiados, etc). Durante este tempo, o exército destruiu unhas 44 aldeas, asasinou a 165 persoas e arrestou a 3500 sen xuízo. A única resposta á atitude do PKK foi cominá-los a rendir-se incondicionalmente. O 8 de xuño seguinte, o PKK anunciou que Turquia ia sofrer o verán mais sangrento da sua história. Cal é a tua valoración desta nova ofensiva do PKK?

A campaña do verán foi moi intensa. O governo tivo unhas 2000 baixas só no mes pasado, entre soldados, gardas das aldeas [contra-guerrillas pagados polo governo], policia e forzas de seguridade. En moitas zo-

nas, a guerrilla controla as montañas e as áreas rurais. O exército viu-se forzado a abandonar os seus postos militares e a retirar-se ás cidades. A guerrilla controla as estradas, especialmente a partir do solpor. Nengun veículo oficial pode circular por elas chegada a noite. Golpeamos severamente o sistema de *gardas da aldea*. Moitos destes gardas foron executados, por colaborar co governo.

Onte pola noite houbo un programa na televisión turca sobre a posibilidade de facer eleizóns no Kurdistán no marzo vindeiro. Habia un deputado que dicia que era imposível porque o estado non ten control da zona. Isto mostra o grao de autoridade do PKK no Kurdistán: estamos a outubro, e están a debater a posibilidade das elizóns en marzo do ano que ven.

Na prensa destacou-se moito a repercusión no turismo da nosa ofensiva. Os turistas non deberian ir a Turquia. Os seus cartos finánciaan a guerra. Desde o 1988 levamos dicendo isto. *Toda* Turquia é zona de guerra, non só o Kurdistán: o PKK expandiu as suas actividades. E o ano que ven será pior. [Haberia que mencionar aquí o "secuestro" dunha dúcia de turistas estranxeiros polo PKK, este verán; segundo eles próprios, foron tratados como invitados, e os únicos que poñian travas para a sua liberación era o governo turco. En casos similares, o exército ten asasinado aos reféns do PKK para desprestixiá-los.]

Vista a intransixéncia do estado turco, existe algunha posibilidade real dunha solución negociada? Aceptaría o PKK unha autonomia similar á de Euskadi [cuestión debatida na tele turca eses dias]?

Unha solución política é posível. É o governo turco quen se nega a considerá-la. Unha solución política, baseada nunhas condicións e uns direitos iguais para turcos e para kurdos é unha posibilidade que o PKK non rexeitará. É Turquia quen a rexeita. O governo turco intenta convencer ao mundo, á opinión pública mundial, de que é o PKK quen é intransixente, que é o PKK quen rexeita a paz. Mas ai tendes o cesamento do fogo unilateral, aí está a vontade negociadora do PKK. Unha solución política pacífica, sempre que se basee na igualdade entre turcos e kurdos, e non na presente falta de recoñecimento dos direitos do povo kurdo. Nós no dicemos que sexa demasiado tarde, ou que non exista a posibilidade. Depende das autoridades turcas.

E o único xeito de cambiar a atitude do estado turco é intensificar a actividade guerrilleira, intensificar a loita militar. Só isto fará que o estado turco se pare a considerar unha solución política. ■

En kurdo, o que ti queiras...

-O ano 1991 significou o fin da proibición de falar kurdo en público. Esta decisión do governo afectou en algunha medida a realidade social no Kurdistán?

-Mais que dunha decisión do governo, seria mais apropriado falar dunha vitória da loita popular. Mas a pesar de ter levantado a proibición, a atitude do governo turco non cambiou nada. Non se modificou a constituizón, non hai educación en kurdo. Existen unhas cintas gravadas en kurdo, que fan o papel de escola popular. Algunha xente foi torturada por ter estas cintas. Son legais, mas... Existe un periódico semanal en kurdo, que custa moitos esforzos manter, polas ameazas do estado. Unha educación en kurdo oficial ou apoiada polo estado é algo impensável.

-Neste contexto, cal é o papel do PKK na educación ou concienciación da xente?

- Para rematar coa ocupación colonialista, a guerrilla, antes de poder programar e desenvolver unha educación kurda, ten que concienciar a xente. Nas zonas rurais non hai posibilidade de falar dunha educación propriamente dita. O PKK ás veces baixa aos povos a falar coa xente, explicar-lles a situación política, os obxectivos... Baixo un rexime colonial, baixo a ocupación, é imposível manter a cultura própria e as tradicións. Mas nas cidades, como Istambul [a cidade kurda mais grande, con tres millóns de kurdos], temos un xornal diário...

-...en kurdo...

...en turco, en turco. Hai un semanário en kurdo, e unha revista mensual kurda en ruso. En Europa, por suposto, temos mais liberdade; é mais doado difundir a cultura kurda.

A guerra no Kurdistán é unha guerra sen cuartel por parte do governo turco. É unha guerra contra toda a xente do Kurdistán. Queren convertir o país nun espazo baleiro, nun ermo. Evacuaron centos de aldeas [perto de 400, segundo o Partido da Democrácia (DEP)]: primeiro matan os animais, logo ameazan a xente. Non teñen opción: a maioria marchan. Se non, son asasinados: vellos, nenos, mulleres. A represión foi moi intensa, sobre todo nos últimos meses. Todos os días matan a alguén. Nas cidades, asasinan aos vendedores de *Ozgur Gundem* [xornal de Istambul, a ponto de ser pechado polo governo]. Queiman e destruen as aldeas, incineran á xente de Diyadin e Sunduz, utilizan napalm e armas químicas nas montañas de Nurhak. É unha guerra sen cuartel contra a identidade do povo kurdo, que xa non quer permanecer dentro das fronteiras turcas. Mesmo a guerra en Bósnia resulta un xogo comparada co que pasa no Kurdistán.

Os falsos resultados de Stuttgart

Que país gañou realmente os Campeonatos Mundiais de Atletismo de Stuttgart? Seguramente ninguen toma a sério a supremacia dos Estados Unidos na clasificación oficial (...)

Estados Unidos é o país mais rico do mundo e ten unha povoazón de 252 millóns de habitantes para escoller (...) Como se poden comparar os seus resultados cos de, por exemplo, Mozambique, que é o país mais pobre do mundo? Hai un xeito simple de facélo: comparando os pontos totais obtidos coa renta per cápita de cada país demostra-se que o éxito non depende só do tamaño da povoazón, senón tamén da riqueza do país (...) Segundo esta versión, Estados Unidos caeria da sua primeira posición na clasificación oficial á undécima, despois de Zámbia, Cuba, Xamaica, Namibia e Tayikistán (...)

Pero as xeralizacións son perigosas (...) e o benestar non é garantia de éxito (...) Franza nen sequera conseguiu gañar unha medalla de bronce (...) E que hai dos países superpovoados que non aparecen na clasificación porque non gañan nada? (...) Os 151 millóns de persoas do Brasil non lle permitiron conseguir unha só medalla. Há ser que o fútbol trai má sorte a todo o demais. E que hai da India? É o segundo país de maior povoazón do mundo (866 millóns) e nunca ten conseguido unha medalla (...) Há ser polo criquet.

Víctor Keegan (*The Guardian*, Londres, 24 de Agosto)

Estas sapatillas perxudican a saúde (de quen as fabrica)

As multinacionais encontrarán sempre un país no que os salários e as prestacións sociais sexan mais baixas, para impór aos asalariados unha espiral de regresión social indefinida.
Ernest Mandel

Fernando de Araujo, loitador polos direitos humanos en Timor Leste, que cumpre unha condena de nove anos de cárcere por "subversión", ven de receber un prémio do Programa de Direitos Humanos de Reebok (coñecidos fabricantes de sapatillas de deporte). O curioso desta nova é que Reebok, ao mesmo tempo, pretende ignorar a precária situación das e dos traballadores indonésios que fabrican os seus produtos.

Indonésia, que padece un dos reximes mais brutais do planeta, é a nena mimada das multinacionais ocidentais, pois é ali onde poden fabricar as suas prendas por unhas poucas pesetas. Nike, Reebok e Adidas fabrican neste país a maior parte das suas sapatillas, e Levi-Strauss os seus pantalóns, entre outras. O que en teoria deberia dar-lle un pulo á economia dun dos países empobrecidos (novas fábricas, mais postos de traballo), na realidade non fai mais que prolongar e agudizar un status miserável para as traballadoras/es.

En Indonésia, o "salário mínimo legal" é de $1.27 por dia, o segundo mais baixo de Asia despois de Bangladesh. Mas ainda asi a maioria dos patróns nen se digna a pagar esa cantidade. A semana laboral supera as 50 horas, sen direito a pagas extra. As normas de seguridade e saúde no traballo son ignoradas. Frases como "permiso por maternidade" ou "baixa por enfermidade" non teñen sentido nese país, onde un embarazo significa o despido imediato. Segundo a Oficina Internacional do Traballo, o 80% das traballadoras indonésias (que constituen a imensa maioria de toda a man de obra do sector textil) padecen malnutrición.

Desde o Decreto Ministerial 342 (1985), que permite ao exército intervir nas disputas industriais, as fábricas semellan barracas militares, cun sistema de seguridade impenetrável, e onde calquer amago de actividade sindical prémia-se cun interrogatório que remata con toda seguridade en tortura.

A próxima vez que pagues 10.000 pts. por un par de sapatillas, pensa no pouco que lle costa á empresa etiquetadora, e no moito que pagaron as traballadoras/es indonesias/os pola tua comodidade. **A.P.**

Carne de Museu

Afinal enteramo-nos das causas da morte do home de Bechuana, mal chamado "Negro de Banyoles", tras un informe repleto de referéncias ás múltiples provas científicas ás que foron submetidos os seus restos. A causa exacta da morte foi unha "fibrose intersticial difusa do pulmón, de evolución tórpida, insidiosa e severa e de posível orixe parasitária vista a ubicación habitual do home de Bechuana, [sobre esa base], puido sofrer unha afectación de posível orixe infeciosa (...) que rematara coa sua vida". Ainda asi, o seu cadáver, disecado cual becho polos irmáns Verraux, que tiñan roubado o seu corpo na mesma noite do enterro a princípos do século pasado, segue exposto no Museu Darder de Banyoles no interior dunha vitrina ao efeito. O humanitário e científico estudo, que se atreve a incluir unha cita de Martin Luther King, foi disposto polo Concello da povoazón e os seus custos sufragados -e supón-se que afectos a desgravación fiscal- por General Eléctrica. **Un pouco de respeito! I.B.**

Un millón e meio de bebés morren cada ano por non seren amamantados, segundo dados da UNICEF. É dicer, un bebé cada 30 segundos. Que ten que ver Nestlé, a maior empresa de alimentos do mundo, con isto? Nestlé vende perto da metade dos alimentos para bebés do planeta, entre eles leite en pó que se utiliza para amamantar artificialmente. Nos países empobrecidos, alimentar os bebés con biberón implica moitas cousas:

*que se pode gastar, en moitas sociedades, até a metade do soldo en leite en pó;

*que en moitos casos o leite se dilue en demasiada água, para facé-lo durar, co que perde as suas cualidades nutritivas, e produce malnutrición;

*en zonas con escasez de água potável (ou sexa, na maior parte da terra), a mistura produz diarrea (a maior causa de mortandade infantil no mundo), desnutrición e mesmo a morte;

*as nais deixan de producir leite, co que non ha posível marcha atrás no proceso.

Os únicos beneficiários desta situación son as compañias produtoras de leite en pó.

É induvidável que a maneira mais nutritiva, económica e hixiénica de alimentar os bebés é dar-lles de peito. Por que entón tantos mortos? E aqui entran as razóns do boicot: debido á clara relación entre o leite en pó e a mortandade infantil, a UNICEF e a Organización Mundial da Saúde (OMS) adoptaron en 1981 un *Código Internacional para a Comercialización de Substitutos do Leite Materno*, para protexer as nais e os bebés das práticas propagandísticas destas multinacionais. Este código proíbe:

*dar mostras gratuitas de leite en pó aos hospitais;

*promover os seus produtos ao público e aos hospitais;

*usar imaxes de bebés na sua propaganda;

*promover alimentos ou bebidas infantis para bebés de menos de 4-6 meses de idade.

As etiquetas deben estar escritas nunha língua comprensível para a nai, e deben incluir unha advertência sanitária. Se a nai decide usar o leite en pó, ha de facé-lo unha vez ben informada. Ante o argumento de que moitas nais, elas mesmas desnutridas, non poden amamantar os seus bebés, a realidade é que eses casos son moi raros. De todos xeitos, mais val dedicar os cartos á nutrición da nai, o que resultará mais económico para a família, e repercutirá na saúde do bebé.

Nestlé incumpre todas as normas arriba mencionadas, xa que non teñen validez legal. Por iso a única maneira que facer-llas cumprir, mentres os governos non lexislen a situación, é o boicot. O primeiro boicot internacional tivera tal éxito, que Nestlé prometera ater-se ás normas do *Código Internacional* en 1984. Catro anos despois, após comprobar que seguia violando-o, relanzou-se unha nova campaña de boicot. Para evitar que as multinacionais enriquezan a base de mortos, invitamos-te a colaborar no boicot, non comprando nengun produto da marca Nestlé (Nescafé, Milky Bar, Chambourcy, cosméticos como L'Oreal, e centos mais).

Ultima nova: Nestlé anunciou o próximo lanzamento dun produto para combater a diarrea. Primeiro a provocan, e logo pretenden sacar beneficio da mesma enfermidade. **A.P.**

CAMPAÑA DE BOICOT A NESTLÉ

Eelam Tamil e a autodeterminación

A *democrácia* en **Sri Lanka**, como en tantas partes do planeta, é un insulto á palavra Democrácia. A oposición non pode expresar-se por meio da prensa; o presidente ten uns poderes extraordinários incompatíveis co sistema democrático; o presidente posue cartas de dimisión, sen datar, dos membros do poder xudicial; o presidente despreza publicamente as vidas e as opiniións dun seitor do seu eleitorado; detencións arbitrárias e sen direito a avogado; tortura sistemática dos detidos; lei antiterrorista que permite manter os prisioneiros incomunicados durante un periodo de até 18 meses, algo inadmisível en calquer outra democracia...

Neste contexto, o **povo tamil**, 3 millóns de persoas que habitan o nordeste da illa, levan sofrendo mais de cuarenta anos de opresión e ódio racial por parte da maioria sinhala. Esta tensión estalara os dias 25 e 27 de xullo de 1983, nuns ataques ben planeados e nos que até mesmo participaron membros das forzas de seguridade, como recoñece o próprio governo sinhala. Estes ataques saldaron-se coa morte de 53 tamis que se encontraban nunha prisión de alta seguridade, e centos de outros apaleados e torturados mentres saqueaban e destruían as suas casas. Ese mesmo ano, a *Comisión Internacional de Xuristas* condenou os ataques. No primeiro aniversário da masacre, mais de 100 deputados británicos solicitaron a apertura de unha investigación. Hoxe, dez anos despois, os feitos seguen sen se aclarar.

Nos últimos anos, uns 6000 tamis foron asasinados. A violéncia dos **Tigres de Liberación de Eelam Tamil** é unha resposta ante o xenocidio e a represión política. En fevereiro de 1993, na 49 sesión da comisión de Direitos Humanos da ONU en Xenebra, 15 organizacións non guvernamentais (ONGs) recoñeceron o direito do povo tamil á autodeterminación, e a lexítima loita dos Tigres de Liberación. Alguns governos, como o suizo, ofereceron-se a mediar no conflito; unha misión canadiana de direitos humanos, integrada por deputados, líderes relixiosos, un avogado e un xornalista, tamén intentou mediar. Todos foron rexeitados polo governo de Sri Lanka, un governo intransixente, que proíbe até o transporte de alimentos ás zonas controladas pola guerrilla, e que segue a bombardear indiscriminadamente as aldeas tamis. **A.P.**

Somália: devolver a esperanza

1 **Cando hai uns meses**, durante os derradeiros dias do Governo Bush no poder dos EUA, se decide a intervención *con fins humanitários* no chamado Corno de África, Somália, a opinión pública mundial celebraba alborozada unha decisión que, a simples vista, remataria cunha situacion social infame nun país que estaba, literalmente, ao borde da inanición, ao mesmo tempo que acorralado por numerosos e escuros *señores da guerra*, enfrentados nunha sangrenta guerra civil.

O fondo descoñecimento da situación real do estado, ao que non é alleo o desprezo (unido como a merda á unlla á ignorância) aos chamados países terceiro mundistas, facilitaba que a solución militar supeditase sen nengun tipo de dificuldade a outro tipo de solucións -vias pacíficas- que tiveran mais que ver cun desenvolvimento integral -estruturas económicas, infraestruturais e sociais- do país.

Non pretendemos aquí, non obstante, dilucidar cais serian esas vias de solución pacíficas, ainda que non é necesário ser unha autoridade na matéria para reclamar, mais unha vez, a responsabilidade dos países ocidentais e das principais poténcias capitalistas nos numerosos problemas do terceiro mundo.

Unha sociedade que na sua opuléncia, cansada de observar atentamente o seu embigo, perturbada sen dúvida nengunha por agobiantes e agudos problemas de conciéncia, necesita, sen demasiada frecuéncia, ollo, facer acto de contrición e repaso dos pecados para ter asegurado un curruncho no ceu dos xustos e non cair definitivamente no escuro e tenebroso pozo do consumismo puro e duro e na pura e dura exploración. É perigoso continuar indefinidamente coa lei da selva nun mundo que se gaba de ter conseguido coa civilizacion as mais altas cotas da ética nas suas normas sociais -a hipocresia social levada á perfeizon?

É óbvio que ás veces resulta rentável destapar a pota na que se agachan cuidadosamente todas esas cousas tan feas como a miséria, a fame, a enfermidade... que tan lonxe quedan de nós (a indixéncia que, incomodamente, ocupa similar espazo da sociedade da que falamos, está baixo control en tanto as forzas de seguridade cuiden de nós). Cousas tan feas, aderezadas con ese barbarismo que, como todo o mundo sabe, caracteriza os países africanos, e de paso os árabes, grande parte dos asiáticos e, como non, os conflitos latinoamericanos.

Enviar un fato de aguerridos e benintencionados *soldaditos* coas precisas intencións de alimentar ás hordas de negritos famélicos -comerán polas boas ou polas más- evita muitas dores de cabeza: é a aspirina que mellor calma a conciéncia. Mas, ollo! serán os motivos que impulsan á nosa fada madriña favorita, a concienciada USA, os mesmos que alimentaron a demanda na sociedade ocidental -a protagonista do noso relato- da xa perpetrada intervención militar?